

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTA COMBA

Decretos do Alcalde. Organización municipal 23-27 de competencia do alcalde

EDICTO

Decreto núm. 899/2023 do 26/06/2023

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Expediente núm.: Org.2023-2027 –XGL-

Departamento: alcaldía

Expediente electrónico: 2023/X999/000510

Procedemento: decretos de organización

Asunto: designación membros que integran a Xunta de Goberno Local

Logo de celebrarse as eleccións municipais o 28 de maio de 2023.

E de ver a constitución da nova Corporación municipal en sesión extraordinaria realizada o 17 de xuño de 2023.

E de ver que é preceptiva a Xunta de Goberno Local, por ser un municipio superior aos 5.000 habitantes, e que corresponde ao alcalde nomear os membros que a integran.

E de ver que a Xunta de Goberno Local intégrase polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ao Pleno.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Os artigos 20.1.b, 21.3 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, (BOE núm. 80, do 03/04/1985); o artigo 22 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, (BOE núm. 96 do 22/04/1986); o artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), (LALGa), e os artigos 35, 41.3, 43, 46, 52, 112 e 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986).

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Constituír a Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado municipal de carácter resolutorio, que quedará integrada polos membros seguintes:

Presidente

Don Alberto Romar Landeira (PSdeG-PSOE)

Vogais

Dona Noelia Baleato Toja (PSdeG-PSOE)

Dons Patricia Val Antelo (PSdeG-PSOE)

Dona Pablo Negreira Souto (PSdeG-PSOE)

Dona Carlos Turnes Romero (PSdeG-PSOE)

2 A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria reunirase cunha periodicidade quincenal, na sala de xuntanzas da alcaldía da Casa do Concello, nas datas e ás horas que se indican:

Ordinarias:

2º e 4º martes de cada mes, ás 9,30 horas (nove e media da mañá)

Extraordinarias e extraordinarias e urxentes

Cando con tal carácter sexan convocadas polo alcalde.

3 O alcalde poderá reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia antes de ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle corresponde.

4 Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do alcalde, poderá este alterar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local un día distinto da semana e á hora que estime axeitada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre a forma e os prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta polo alcalde para a convocatoria das sesións ordinarias para día distinto do establecido como preferente que coincidan con Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, a conveniencia dun maior estudo dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outro que xustifiquen razoadamente a decisión.

5 Delegar na Xunta de Goberno Local, da que a competencia básica é prestar asistencia e asesoramento a esta alcaldía no exercicio das súas atribucións, o exercicio destas atribucións do alcalde, incluída a facultade de resolver os recursos de reposición contra os acordos que adopte este órgano colexiado:

- a) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- b) O outorgamento de licenzas urbanísticas de obras maiores e de apertura de establecementos, así como a aprobación das liquidacións dos distintos ingresos de dereito público que poidan derivarse do outorgamento das licenzas mencionadas.
- c) A resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial da administración municipal de competencia do alcalde.
- d) A aprobación das convocatorias e as bases reguladoras das subvencións concedidas polo concello en réxime de libre concorrència ou nominativas, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente. Tamén se delega a aprobación das contas xustificativas e a orde de pagamento.

6 A efectividade desta resolución será desde o día seguinte ao da sinatura deste decreto pola alcalde.

7 Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e aos efectos que corresponda.

8 Notificar persoalmente este decreto aos membros da Xunta de Goberno Local designados, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa.

9 Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal, no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

10 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)”

Dou fe

A secretaria xeral

Cristina Alonso Losada

Decreto núm. 902/2023 do 26/06/2023

“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.

Expediente núm.: Org.2023-2027 –Tealcs- **Departamento:** alcaldía

Expediente electrónico2023/X999/000510 **Procedemento:** decretos de organización

Asunto: nomeamento dos tenentes de alcalde

Logo de se constituír a nova Corporación municipal en sesión extraordinaria realizada o 17 de xuño de 2023.

E de ver que é necesario establecer unha nova organización municipal, en particular, o nomeamento de tenentes de alcalde.

E de ver que os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local

E de ver que o alcalde, no uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente, no decreto do alcalde número 899/2023 do 26/06/2023, designou aos membros da Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Os artigos 20.1.a e 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e o artigo 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Nomear tenentes de alcalde aos concelleiro/as membros da Xunta de Goberno Local:

Primeira tenente de alcalde:

Dona Noelia Baleato Toja (PSdeG-PSOE)

Segunda tenente de alcalde:

Dona Patricia Val Antelo (PSdeG-PSOE)

Terceiro tenente de alcalde:

Dona Pablo Negreira Souto (PSdeG-PSOE)

2 Corresponde aos nomeados, na orde designada, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

3 Para estes efectos, cando esta alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante decreto, a duración da súa ausencia, designando ao tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta designación de forma expresa, esta alcaldía será substituída polo primeiro tenente de alcalde e, no seu defecto, por calquera dos outros tenentes de alcalde establecidos en segundo lugar que se atopen presentes, que deberán dar conta diso ao resto da Corporación, sen que durante o mesmo día poida actuar como alcalde accidental máis dun deles.

4 A efectividade desta resolución será desde o día seguinte ao da sinatura deste decreto pola alcalde.

5 Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e efectos.

6 Notificar persoalmente este decreto aos concelleiro/as designado/as, que se considerará aceptada tacitamente, agás manifestación expresa.

Fágolles constar que terán que manter informada a esta alcaldía do exercicio das súas atribucións como alcalde/sa accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa realizadas antes polo alcalde, nin outorgar outras novas.

7 Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal, no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

8 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Dou fe

A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada

(Documento que se asina electronicamente)”

Decreto núm. 903/2023 do 26/06/2023**“DECRETO DA ALCALDÍA NÚM.**

Expediente núm.: Org.2023-2027 -DX-

Departamento: alcaldía

Expediente electrónico: 2023/X999/000510

Procedemento: decretos de organización

Asunto: delegación exercicio de atribucións xenéricas en concelleiros/as

Logo de ver a necesidade de delegar algunhas das competencias que o alcalde ten atribuídas, por mor do interese público, para o obxecto de facilitar o funcionamento do goberno municipal e conseguir unha maior axilidade, eficacia e coordinación no exercicio das tarefas de goberno.

E de ver que o alcalde ten atribuída por lei a facultade de delegar determinadas atribucións nos concelleiros da Corporación municipal, segundo o disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, (LBRL), (BOE núm. 80, do 03/04/1985); e no artigo 61.3 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, (LALGa), (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O réxime xurídico desas delegacións que establecen os artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, (ROF), (BOE núm. 305 do 22/12/1986), en relación co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, (LRXSP), (BOE núm. 236 do 02/10/2015), no uso das atribucións que me confire a normativa legal vixente.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1 Conferir as delegacións xenéricas a prol dos/as concelleiros/as que se indican, para a dirección e xestión das áreas de goberno municipal que se relacionan:

Turismo; Promoción Económica e Emprego; Atención á Veciñanza; Asociacionismo e Voluntariado; Comercio

Dona Noelia Baleato Toja

Cultura; Deportes; Educación; Formación; Normalización Lingüística; Comunicación e Tecnoloxía; Xuventude

Dona Patricia Val Antelo

Servizos Sociais; Igualdade e Muller; Conciliación; Benestar e Promoción da Saúde

Dona Estefanía Calvelo Muñiz

Obras e Servizos; Urbanismo e Mobilidade

Don Pablo Negreira Souto

Gandaría; Desenvolvemento Rural; Medio Ambiente; Patrimonio

Don Carlos Turnes Romero

Eventos e Festas

Dona María Salomé Bustelo López

2 As delegacións que se outorgan comprenderán exclusivamente a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que será exercida polo órgano municipal a quen corresponda a competencia, quedando, polo tanto, suxeitas ao réxime xeral previsto no ROF.

En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas ao alcalde no artigo 21.3 da LBRL e no artigo 61.3 da LALGa.

3 O/a concelleiro/a delegado/a queda obrigada a informar a esta alcaldía, a posteriori, da xestión e disposicións que dite e, previamente das decisións de transcendencia, nos términos previstos no artigo 115 do ROF.

4 Delegar de forma indistinta en todo/as o/as concelleiro/as deste concello as competencias que ao alcalde lle outorga o artigo 51.1 do Código civil para autorizar os matrimonios civís que se celebren neste termo municipal, sempre que así sexa solicitado polas persoas interesadas.

Esta delegación faculta a todos os concelleiro/as para autorizar matrimonios civís, sen que nunha mesma cerimonia poida intervir máis dun deles.

5 As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares a outro órgano ou concelleiro/a.

6 Estas delegacións terán efecto dende á data de notificación deste decreto aos concelleiros afectados, e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avogar do alcalde, ao abeiro do artigo 44 do ROF.

No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, o alcalde asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avogar a competencia baseada nesta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste senso.

7 Notificar esta resolución aos concelleiro/as afectado/as, entendéndose aceptada a competencia delegada de forma tácita, agás manifestación en contra, se dentro do prazo dos tres días soltos seguintes ao da notificación deste decreto non se manifesta nada en contra ou se fai uso da delegación.

8 Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e aos efectos que correspondan.

9 Publicar este decreto no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos Electrónico incluído na Sede Electrónica municipal, no Portal de Transparencia e na páxina web municipal.

10 Dar conta ao Pleno da Corporación municipal na primeira sesión que celebre.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Dou fe

A secretaria xeral

Alberto Romar Landeira

Cristina Alonso Losada

(Documento que se asina electronicamente)”

Fágoo público, ao abeiro do artigo 21.3 da LBRL; o artigo 43, 44 e 46 do ROF

Santa Comba, 7 de xullo de 2023

O alcalde

Alberto Romar Landeira

2023/5613